

Lucía Martínez Alonso

DESMONTANDO CONVENCIONES.  
UNHA REFLEXIÓN SOBRE A MIÑA VIDA DE MÚSICA.

XORNADA

# MERCEDES GOICOA: MÚSICAS, PARA VIVIR

Consello da Cultura Galega  
Santiago de Compostela  
Xoves, 25 de outubro de 2018



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

## *XORNADA MERCEDES GOICOA: MÚSICAS PARA VIVIR*

### **DESMONTANDO CONVENCIONES. UNHA REFLEXIÓN SOBRE A MIÑA VIDA DE MÚSICA.**

Lucía Martínez Alonso

Chámome Lucía Martínez Alonso, e vivo en Berlín. Son muller, nai, percusionista, batería e compositora. É por iso que hoxe eiquí falo, é por iso que fun chamada para eiquí falar. Da miña experiencia, das miñas idas e vindas. Serei clara, directa, e non me lamentarei de nada, porque este non é o espazo para facelo. Este é un espazo e unha plataforma, para reivindicar unha idea de posición. Unha posición, na que se recoñece que moitas das dificultades e problemas parten dunha idea, dun lema, que xa no 1968 creou o movemento feminista “o privado é político”. Ese lema, entón, abriu xa un debate na sociedade sobre asuntos privados como a maternidade, o papel da ama de casa, a beleza, a sexualidade feminina e a violencia contra as mulleres. Hoxe en día é unha temática que non está resolta, e desmontar as convencións nas que vivimos é o paso a dar para seguir avanzando e para poder entrar en profundidade na problemática que nos atañe.

Pero dende o 1968, é só no 2007, cando en España se aproba a Lei de igualdade. Esta Lei, *establecía no* capítulo II os criterios que deben orientar as políticas públicas en materia de educación, cultura e sanidade. Polo que á cultura se refire, o artigo 26 establece toda unha batería de medidas destinadas a promover a igualdade no ámbito da creación e produción artística e intelectual. Nel impóñense obrigas para os poderes públicos que configuran o sistema de xestión cultural, destinadas a favorecer a promoción das mulleres na cultura e a combater a súa discriminación.

A min esto faime reflexionar sobre estes temas a día de hoxe. En qué medida me afectan a min estes temas como nai e música? En qué medida afectan ás mulleres máis cercanas? En qué medida afectan en xeral ás mulleres da nosa sociedade actual? Sería unha reflexión moi extensa, así que me centrarei nos aspectos máis directos e que máis afectan a unha persoa coma min, unha música, que vive no estranxeiro e que é nai dunha nena.

Eu teño 36 anos, e evidentemente non vivín movementos revolucionarios trascendentes como Maio do 68 ou o movemento feminista dos anos 70. Pero si convivín con mulleres que o viviron, que o sentiron, que gritaron e que conseguiron ese “paso a fronte”, que agora, me da a impresión de que non conseguimos respeitar, e moito menos, non conseguimos continuar. Esas mulleres coas que convivín, son as nosas nais, tías, avoas, e cústame moito entender cal é o problema, ou cal foi o problema para que ese camiño que elas emprenderon, eses logros que elas acadaron, esas liberdades, eses pensamentos, non conseguisen invadir e crecer na sociedade na que eu crecín. Cal foi o problema?

Analizando e pensando un pouco sobre o que a min me rodea, penso que seguir dando pasos cara adiante, requiren dunha educación consciente e comprometida, e sobre todo dunha política responsable. No meu parecer, o feminismo, é cousas de mulleres e homes. Educar é laboura da sociedade completa, é a suma dos dous cincuenta por centos.

O feminismo, debería ser unha maneira de pensar e facer, na que homes e mulleres, constrúan un mundo diferente, máis xusto, máis libre e máis tolerante. E ao escoitarme agora mesmo, paréceme que estou falando dunha utopía.

Noutras oportunidades que tiven para falar destes temas nun ámbito musical profesional, dinme conta de varios factores que condicionan ás persoas á hora de pensar e analizar comportamentos, e á hora de asumir certos roles.

En primeiro lugar, en nun grado gravísimo, é o uso da linguaxe. Parecerá unha tontería, pero o emprego da linguaxe actual é completamente exclusivo. Explícome; xa dende a escola, o termo xenérico “nenos”, exclúe inmediatamente ás nenas. Certo é que gramaticalmente é correcto empregar o xénero masculino, pero ese xénero masculino, exclúe, por exemplo, á miña filla, e ese xénero masculino, exclúe a todas as nenas. Esas nenas excluídas é imposible que comprendan que aínda sendo as mulleres a metade da poboación mundial, teñan que ser incluídas nunha denominación masculina. Eu alomenos non o entendo.

Así memos co término “pais”, onde eu mesma me debería sentir incluída.

Son dous exemplos estes, nos que existe o termo feminino, e nomear ambos é cuestión de milésimas de segundo.

Contábame unha mestra de educación infantil, que ela fixo a experiencia de comezar a empregar os dous termos, e convidar a “nenos e nenas” ás actividades na escola. A mestra, dixo que a actitude e xesto corporal das nenas, foi por primeira vez diferente, sentíanse incluídas e importantes para facer a actividade; estaban, finalmente, convidadas a participar.

Non podo acreditar como na Real Academia da lingua hai debate para para incluír almóndiga ou albóndiga no dicionario, e non hai debate (ou alomenos eu non o coñezo) sobre se o xénero masculino (existindo a correspondente forma en feminino) debería seguir sendo correcto o que englobara aos dous xéneros que existen na nosa gramática.

Máis aló da parte puramente gramatical, existen documentos, incluso en Galicia na área de igualdade da xunta de Galicia, onde aconsellan un uso inclusivo e non discriminatorio da linguaxe. Son documentos públicos.

E vos preguntaredes por qué comezo falando da linguaxe. Pois o certo é que ese uso sigue condicionando o meu percurso.

Dende que eu comecei a tocar percusión, teño que escoitar cousas como “ese é un instrumento masculino”. Nunca entendín moi ben por qué un instrumento é masculino ou feminino. De nena tampouco o entendía. No meu entender, o instrumento era masculino cando o tocaba un home, e era feminino cando o tocaba unha muller.

Pois ben, esta confusión débese unha vez máis ao uso incorrecto da linguaxe. Esas persoas o que deberían ter dito é : “ ese instrumento tócanos moitos homes”.

Quero pensar nesta ocasión que é iso, un uso erróneo da linguaxe. Ese mal uso, leva a que asumamos e aceptemos determinadas maneiras de falar, e son iso, “maneiras de falar”, convencións orais, o que fan que se acumulen as contradicións e se pasen a normalizar expresións completamente erradas e por consecuencia actitudes erradas cara ás mulleres.

Na adolescencia, seguía escoitando esas cousas, de que a batería é para homes, que a percusión é para homes. E de ámbitos cercanos cheguei a escoitar: “non cortes o pelo, porque tocando percusión e con pelo curto, van pensar que eres un macholo”. A día de hoxe sego sen entender nada diso. Alguén dubidaba da miña feminidade por tocar percusión? por ter o pelo longo ou curto? por vestir dunha maneira ou outra?

Na época de estudante, eu xa era profesional, xa tocaba, grababa, e continuaba con ese afán de aprender e tirar sempre para adiante. E sinto moito dicilo, pero sí me encontrei momentos terriblemente absurdos e de trato discriminatorios, ademáis de comentarios e situacións de, por dicilo dalgunha maneira suave, “mala educación”.

Cando eu estudiaba no Superior de Vigo, creo lembrar, que gran parte das estudantes eran mulleres. Onde están estas mulleres? Quero resaltar, que son mulleres preparadas, cun títulos superior, formadas e profesionais. A maioría están na ensinanza (cousa que respecto ata o infinito) e outras moitas, noutras profesións. Poucas son as que conseguiron facer carreira como intérpretes.

En percusión si que era eu a única. Había máis mulleres no grado medio desta especialidade, pero non sei por qué motivo non chegaban ao superior. Se homes, se rapaces formados no mesmo centro podían continuar os seus estudos superiores, por qué este abandono das mulleres? Falta de motivación, ambiente hostil, comentarios, etc...Habería que preguntarlles a elas, pero a min sempre me deu moita pena esta ausencia feminina na especialidade. Pode ser que por iso, por esa ausencia feminina, o comportamento en xeral non fose o mellor. Eu vivín cousas que no seu momento non lle dei importancia, porque o que quería era tocar, progresar, aprender, e ter experiencias, pero agora que as penso recoñezo que son formas de actuar de persoas que non foron educadas na igualdade. Por exemplo á hora de cargar instrumentos, á hora de elixir quen toca qué na orquesta, á hora de elixir parella para tocar dúos, etc, etc.

Unha crece desta maneira, estamos educadas así, pero non é a maneira correcta, así non se pode educar, nen á infancia, nen na adolescencia nen, por suposto nos grados superiores de ensinanza. Non podemos criar aos nosos fillos e ás nosas fillas desta maneira, non podemos educar na discriminación. Unha vez máis “o privado é político”. Unha vez máis as convencións do que é masculino ou feminino, é un problema político.

Sentíame moi aliviada cando fun a estudar a Portugal cun profesor estadounidense que non estaba condicionado por nada e o único que quería era que eu aprendera. Así de práctico era. Pero onde realmente me sentín eu mesma, foi cando estudiei en Berlín e en Potsdam, na Udk e na Film Universität. Alí si que deu igual quen era eu. Importaba o que facía, cómo o facía, cómo me relacionaba, cómo traballaba en equipa, e cales eran os resultados do meu percurso de estudante. Curiosamente, alí acadei os mellores resultados académicos que podería pensar. Premio ao expediente académico, premio fin de carreira, Becas...E eu son a mesma tocando en Galicia que tocando en Berlín.

Con isto non quero dicir que un lugar sexa menos “machista” que outro, non é iso, xa que Alemaña é un país no que determinados ámbitos, por exemplo na universidade, o ámbito académico en xeral, o ámbito directivo, e círculos de poder, son espazos ocupados maioritariamente por homes. Iso si, hai leis, que se deben cumprir, e se forza un cambio de mentalidade no que as mulleres deben acadar o seu espazo. Impúlsase a lei de Igualdade, hai cambios radicais no uso da linguaxe, adaptando o idioma ao xénero feminino, e hai un interés en que as mulleres teñan presenza na sociedade. Se se acada ou non é outro tema, pero a min dame a impresión de que pouco a pouco a situación vai evolucionando. Un exemplo é que no ámbito do Jazz, hai moitas asociacións que presionan para que por exemplo comece a haber mulleres no ámbito académico universitario, para que os festivais estean atentos aos proxectos de mulleres, para que os premios teñan presenza feminina, e o máis importante, para que as mulleres sigan traballando no ámbito musical e artístico, porque se lles vai ter en conta e non se lles vai a excluir. É unha ardua tarefa, porque son moitos os factores que hai que ter en conta, pero o que non pode ser é que teñamos tantas mulleres altamente preparadas e estudadas e profesionais de diferentes instrumentos, e que chegada a hora, a súa presenza no ámbito profesional sexa mínima.

Respecto aos festivais, tiven a sorte de ter a experiencia de dirixir un festival público nas súas edicións de 2016 e 2017. Primeiro dicir que, que unha muller estea ao fronte dun festival é algo extraordinario. A min tamén me sorprende cando me tiveron en conta, pero durante eses dous anos, descubrín comportamentos impropios de nomear aquí. A falta de educación “de xénero”, provoca que menosprecien, ninguneen e poñan en entredito calquera cousa que diga “a directora”, sempre hai un home, que pode opinar por enriba dunha, e a súa opinión, sempre, sempre vale máis.

Nunca pensei que a miña posición de directora durara tan pouco, non acontecera cos meus predecesores, e non parecía ser o plan para min, despois de dúas edicións fermosas en moitos aspectos. Pero á vista está que os “homes” gañaron unha vez máis.

Volvo a Alemaña, e como exemplo poño un dos festivais máis antigos de cinema, a Berlinale. Sabido é que o director leva un tempo “casi infinito” no posto, pero este ano de transición, estarán invitadas dúas persoas máis, que pasarán a ser a nova directiva para o ano 2020. Pois ben, a nova equipa será de unha muller e un home. Tardou tempo en cambiar, pero cambia cunha mentalidade actual.

Con esto quero dicir, que as institucións poucas veces molestan en cumprir a lei de igualdade, e non se molestan en ter unha política involucrada, xusta e non discriminatoria. Unha vez máis chegamos ao lema “o privado é político”.

Agora que escribo este relatorio, analizo tamén simultaneamente, a miña actitude e o meu comportamento, por exemplo con este asunto do festival. Sempre me mantiven en segundo plano, sempre nun ton conciliador, sen entrar en conflitos, sen alterar situacións, sen provocar escándalos, aguantando o que me dicían, respondendo educadamente e protexendo á institución e ao festival en si. Xa que o problema non comezou na propia institución, senón fóra dela, lamentablemente, a través de colegas músicos. Agora doume conta, de que esta actitude que tiven, que eu pensaba era a máis adecuada, non valeu máis que para calar e tapar un conflito, que pasado o tempo xa non ten sentido remover, porque xa estamos “noutra película”, pero que no seu momento, se eu tivera falado alto e claro, podería ter tido a súa repercusión. Non sei se calei por medo, por represalias musicais, por consellos, ou porque acababa de ser nai, e con moitas dificultades, e non tiña enerxía para nada máis. Pero agora sei, que tería que ter tido unha actitude diferente, tiña que ter falado e facer bulir o medo. Ademáis, tocar menos do que eu toco en Galicia, é difícil, así que a ese nivel de represalias profesionais, non debería ter tido problema...Debo dicir que a institución tampouco facilitou para nada a situación. Lembremos o artigo 26 da Lei de Igualdade, onde especifica moi ben cómo debe ser o sistema de xestión cultural, e cómo se debe garantir a representación equilibrada.

Pero esto non é un problema meu particular, porque se revisásemos os festivais de Galicia e puidésemos contar os proxectos liderados por mulleres, ou simplemente con presenza feminina, asustaríannos os números. A presenza feminina como cantante é máis notoria, pero non como instrumentistas. Eu mesma, podo dicir que pequeei no 2017 no festival que dirixía. Polo que fose, por mil e un problemas, non conseguín a presenza feminina que desexaba. No 2016, foi diferente, e puidemos facer un festival equilibrado, do cal estou tremendamente orgullosa.

Segundo o documento elaborado na iniciática “Mulleres e música”, Cara as lentes violetas na música, cito textualmente: *“Analizamos as últimas edicións de 11 festivais galegos, de música popular e clásica, e o resultado foi dun 13,4%.”*

Particularmente paréceme una cifra alarmante, podo supoñer que destes festivais haberá festivais privados, pero tamén públicos, ou privados con financiación pública. Onde queda a Lei de igualdade do 2007?!

Non hai moito tempo, nunha mesa redonda sobre este tema, un músico coñecido e recoñecido, me preguntaba polos festivais de mulleres, ou adicados a mulleres, se non vía iso como algo absurdo e no fondo discriminatorio, o facto de anunciar un festival como festival de mulleres ou festival adicado ás mulleres. Realmente non é unha pregunta tonta, e xa non

era a primeira vez que me facían a mesma pregunta. Xa tiña pensado sobre ela, e durante os anos fun cambiando o meu parecer respecto a este tema. Cando comecei a ser profesional, a ter o meu cuarteto baixo o meu nome, e me convidaron a presentar o meu disco en Madrid nun festival que ese ano era adicado a proxectos femininos, eu moi orgullosa do meu “logro”, do meu disco, de grabar en Madrid, de editar o disco e bla bla bla, cando un periodista do País me fixo esa pregunta, respondín a groso modo, que eu estaba alí pola música e non por ser muller. Non fora eu tan directa, pero viña dicir eso. Cousa que ao director do festival non lle gustou nada (e non sei por qué, xa que debería ser a música a que me levara ahí), conste que me programou en sucesivos festivais máis tarde e eran festivais non adicados a mulleres, non houbo ningún tipo de represalias por falar e falar claro.

O caso, é que co paso do tempo, dinme conta, que si eu nese momento non tivera sido unha muller, non me terían programado, non tería presentado o meu disco no que era o templo de Jazz español, o Johnny, e non tería coñecido a periodistas importantes, nen tería unha portada nunha revista de baterías, e tería saído naquela extraordinaria revista de jazz que era Cuadernos de Jazz, nin tería tido unha manager, etc, etc.

E así me pasou en varias ocasións en varios festivais, adicados a mulleres. Lamentablemente, non me terían chamado de outro xeito.

Tamén aconteceu, que por esa mesma causa, por adicar o festival a mulleres, e casi que facéndome un favor, teñen ofrecido tocar algún que outro concerto por un caché insultantemente baixo, tan baixo que nin cubría os gastos de desplazamento, tan baixo que sería insultante dicilo aquí. E casi que tiña que dar as gracias por aparecer no programa, ao lado de grandes nomes masculinos... A verdade é que non sei se aos proxectos de homes se atreverían a facer tales propostas, igual si, non o sei. O caso é que evidentemente eu non aceptei tremendas condicións.

Por iso, co tempo, e con reflexión e voltando á pregunta que me fixo este músico coñecido, non considero nada machista que un festival estea adicado a mulleres, é máis todos deberían estar adicados a mulleres (estes festivais que se din adicados a mulleres, é porque teñen representación feminina, non porque toda a programación sexa de proxectos de mulleres). Todos deberían ter representación feminina, porque as mulleres son o 50 por cento da sociedade, e porque hai mulleres moi preparadas.

E respondendo outra vez a este colega, considero super importantes estes festivais, considero importante visualizar ás mulleres, e considero importante que participen, e participen con iguais condicións laborais que os proxectos masculinos.

Para min foi moi importante, e foi a única maneira de eu poder presentarme no inicio. Aínda agora, parece que so me chaman cando os festivais se adican a mulleres... pois menos mal, ogallá sexan moitos eses festivais. Lamentablemente son moi poucos, tan poucos, que nin



existen casi. Pero aínda así, algúns homes músicos, chegan a pensar que ese tipo de festivais lles perxudican. Este é o quid da cuestión.

En canto á miña relación co cinema, comezou en Alemaña. Alí estudiei iso, e alí comecei a traballar no campo. Nese sentido, si que traballei con moitas mulleres, tanto na universidade, como despois a nivel profesional. Curiosamente, as equipas de mulleres son grandes. A mesmas mulleres queren traballar con mulleres e elíxense ás equipas, non por xénero, senón por capacidades e afinidades persoais. Ata o día de hoxe, traballei únicamente nunha película documental en Galicia sobre Francisco Leiro, e está previsto outro proxecto con temática de xénero, con unha equipa tamén de mulleres. Pero iso é todo. Tendo en conta o aumento da produción audiovisual de Galicia, e vendo os créditos das películas, non me cadra a escasa presenza feminina. E se as hai, que evidentemente pódense escapar datos, non tiveron a difusión que teñen outros compositores. Como mínimo dame qué pensar.

Son noticia últimamente diferentes mulleres artistas, actrices de fora de aquí e galegas, como a noticia recente do xuizo de Iria Piñeiro. Son noticia non polo bo ou malo facer da súa carreira, non, por iso non saírían no telexornal, en tal caso saírían neses 10 segundos finais adicados á cultura e xa cos títulos do telexornal por enriba das imaxes. Son noticia as mulleres, por abusos, por mortes, por discriminación, porque protestan pola diferenza salarial, etc... Son noticia mulleres maiores, profesionais, pero tamén adolescentes, e tamén son noticia nenas pequenas. E curiosamente, aínda sendo noticia, aínda aperecendo ás veces nos medios de comunicación, aínda así, parecen noticias de segundo plano. Sigue levando máis tempo no telediarío a compra-venta de futbolistas. Incluso con xuízas, con mulleres ao fronte do máis alto poder xudicial, incluso así, non hai nin reflexión nin “desmonte de convencións”.

Son estas convencións na vida diaria, na vida profesional como música, como artista, e como nai, as que me “levan a cabeza”. Cando me paro, cando esta vida acelerada que levamos me deixa pensar, razoar, recapacitar ou charlar, é ahí cando me dou conta de que todavía temos unha infinidade de convencións para dismantelar.

En xeral, podo soar un pouco derrotista, pero a miña intención é analizar e recapacitar sobre qué medidas serían necesarias, para que esta realidade musical que temos hoxe en día en Galicia, poidese cambiar. Evidentemente hai moita xente traballando nisto, o día de hoxe é un claro exemplo disto. E a figura de Mercedes Goicoa é un claro exemplo de que xa as mulleres levan moito traballado e moito conquistado. Pero vexo que hai moita xente traballando nisto dunha maneira interesada, mesas redondas que non levan a ningún sitio,

porque non teñen ningunha repercusión, festivais adicados a mulleres, pero que non teñen un discurso profesional e de valor no contido... Dalgunha maneira, incluso eses “actos” son positivos, porque se fala, porque pode haber algunha repercusión.

O 2018 foi un gran ano nesta luta feminista. A folga do 8 de marzo, marcou unha data importante. Mulleres de todas as idades xuntas finalmente para cambiar a sociedade. Neste 2018 asistimos por fin, a un goberno no que se cumpre a Lei de igualdade, un goberno no que a proporción de mulleres é a maior que tivo a historia de España, e a que máis ten en Europa e no mundo occidental. Cúmplese tamén un ano do Me too. As mulleres xa non calamos máis. Hai moitas cousas positivas que aconteceron xa neste 2018, e hai moitas mulleres que levan moitos anos nesta carreira de fondo. Son moitas as músicas que levan traballando e gañándose un espazo no mundo artístico, e nós, e eu en particular, o que nos queda é tomalas de referencia e seguir.

O que fai falta, e repito, é unha educación de xénero coa que lle poidamos dar nome a determinados problemas, un compromiso político porque “o privado é político”, un cumprimento da Lei de igualdade e un compromiso de toda a sociedade, de todos os porcentos, de denunciar calquera acto que non nos leve a unha convivencia sana e respetuosa. As mulleres dicimos, basta, agora falamos nós.